

## IN MEMORIAM

André Solla

Neste ano, seguindo a tradición, a Asociación Sociocultural Cedofeita ven de celebrar a súa exposición. Esta versou sobor da muller lerezá en tempos pasados.

Neste senso quero facer unha pequena semblanza dunha muller que viviu no meu lugar. A Gándara.

Non foi nada especial, ou si o era? Pois segundo o dicir da xente estaba tola. Lembro que os veciños chamábanlle Lola, aínda que era máis coñecida polo alcume da "Pallasentea". Vivía nun chabolo que a familia dos Abilleira lle tiña cedido alí no lugar (hoxe Rúa do Cordón) e nuncaouben o grao de loucura que tiña nin a idade que podería ter. Só gardo unha vaga idea da súa imaxe. Baixa, mal vestida, co pelo enmarañado. A súa cara tiña os ollos acovados e o nariz algo afiado, supoño que pola laceira que pasaba. Tampoucoouben de onde era ou se tiña familia en algures. Agás a súa tolemia, non era mala persoa. Simplemente tiña as súas facultades mentais diferentes respecto do código que a nosa sociedade ten establecido para determinar quen é normal e quen non.

Coma calquera das persoas que teñen estas características, ela tamén tiña as súas "lideiras". A principal, e máis importante, consistía en agardar por un mozo que ía vir da América e que a ía levar con el. Coido que as súas continuas idas e vidas dende o chabolo ata fonte de Piñeiro gardaban moita relación con isto. Ía ver se viña, supoño.

Esta "circunstancia" era aproveitada por xentes do lugar como aquel de burla, penso que non por maldade, senón que polo mero feito da risa.

Agora, xa pasado tanto tempo, recoñezo que participei nalgunhas trasnadas. Andaría eu polos seis ou sete anos, cando os maiores, rapaces se entende, artellaron gastarlle unha "broma". Suso, o de Ramona, un mozo que daquela xa superaba os quince anos, xunto con outros do lugar tramaron, aló polo mes de outubro, facer unha "calivera" cun calacú e logo ir ata a choupana da vella e por un burato que había no tellado deixala baixar pendurada dunha cordela. E alí fomos todos, grandes e pequenos. O susto da pobre debeu ser maiúsculo. Primeiro gritou e logo deu en berrar e berrar. E nós veña risa. Sempre me acordarei disto.

Outras "lideiras" que tiña eran que os veciños lle entraban na casa a roubar a través do burato da fechadura ou que de noite moitas veces lle andaban a remover nas tellas. Era simplemente o vento. Sabíase todo isto porque así o facía constar nas súas "denuncias" no cuartel da policía que daquela estaba no Burgo.

Así que, atendendo ao dicir da xente, estaba tola, pero coido que non era parva nin mala persoa, como xa dixen.

Sucedeu dunha volta, sendo eu xa adolescente, que nunha veiga, preto da miña casa e coñecida como a "Soquiña", andaban a erguer nas patacas e esta

muller, non sei polo que, estaba axudando a recollelas. Tiven ocasión de escoitala falar coas demais mulleres e decateime que non dicía máis parvadas das que puidesen dicir as outras e, se non soubese das súas circunstancias, ben puidese pensar que se trataba dunha máis das que estaban no labor. Foi unha grande lección para min.

Logo dun tempo, tiven coñecemento de que, dada a súa situación precaria, algunhas persoas de bo corazón fixeron trámites para ingresala no asilo. Alí debeu rematar os seus días. Nin tan sequera sei onde está soterrada. Posiblemente no cemiterio de San Amaro e, se cadra, cunha chapiña e un número. Oxalá me equivoque e teña un nome.

*Todo o santo día  
co sol ou con choiva  
dun lado pra outro  
vou de porta en porta  
e fuxindo ós mozos  
chea de vergonza,  
e ós cans que me ladran,  
e ós nenos que xogan  
tirándome pedras,  
chamándome tola*

(Ramón Cabanillas)

Sirvan estes versos en lembranza da protagonista deste artigo